



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE CULTURA

Genoveva Hermo Santos, concelleira de Cultura do Concello da Pobra do Caramiñal, formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación:

Visto que O día 3 de xullo finou o escritor Carlos Mosteiro, mestre durante moitos anos no Colexio Pilar Maestú Sierra e activista lingüístico, foi voceiro da Plataforma Queremos Galego na comarca de Barbanza e a súa vida e a súa literatura estivo estreitamente ligada á promoción e reivindicación do galego. Ademais desenvolveu una intensa actividade na Asociación Barbantia participando con diversas responsabilidades e colaborando habitualmente na Voz de Barbantia e no suplemento cultural da Voz de Barbanza.

Autor dunha interesante obra no eido da literatura infantil e xuvenil, foi gañador de premios literarios coma O Facho no ano 1994; o Premio Abril de narrativa, que se convoca nas diferentes linguas do estado español e tamén en portugués, no ano 2001; e o premio Barco de Vapor no ano 2006.

Por todo o exposto o propón á Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Poñer o nome de Xosé Carlos Mosteiro Fraga a unha rúa do concello. A proposta é a actual Travesía Fernández Varela, onde se localiza o domicilio familiar.
2. Realizar diversas actividades de promoción e difusión da súa vida e da súa obra.

A Pobra do Caramiñal, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Genoveva Hermo Santos
Concelleira do G. M. de Nós Pobra